



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 29 DE XULLO DE 2011

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e nove de xullo do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asisten:

- D. José Vicente Ferreira
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (EXTRAORDINARIA DE 11/06/2011; EXTRAORDINARIA 08/07/2011).

A señora Estévez Álvarez di que non ten nada que obxectar.

Intervén o señor Lomba Alonso e fai referencia ó acta de 8 de xullo de 2011, no punto no que se debatiron as retribucións e dedicacións, no que bota en falta a alusión a unha cantidade que foi posta sobre a mesa nas reunións do BNG co GMS (108.000 euros) e que non consta no acta.

A señora Iglesias Ferreira di que esa parte da intervención e e sa contía non aparece na acta, e pensa que deberá recollese.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde confirma coa secretaria que cabe facer esa corrección e di que se someterá a votación o acta con esa corrección.

Sometida a votación a **acta de 11/06/2011**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 08/07/2011**, coa corrección sinalada, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

PUNTO 2.- DAR CONTA DE DECRETOS E ORDES DE PAGO.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso di que se dan por enteirados, e que non caso que teñan que facer calquera consulta, se solicitará información en secretaría.

A señora Iglesias Ferreira di que se dan por enteirados.

PUNTO 3.- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE MOROSIDADE (SEGUNDO TRIMESTRE 2011): informe Tesourería de 30 de xuño de 2011 e Informe de Intervención de 30 de xuño de 2011.

Dase conta do Informe trimestral de morosidade (segundo trimestre 2011).

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 4.- DAR CONTA COMPOSICIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dase conta da composición das Comisións informativas permanentes:

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ASUNTOS ECONÓMICOS.

- Presidente: o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

TITULARES:

- M^a Teresa Vicente Baz (GMS)
- Antonio Lomba Baz (GMS)
- Manuel Javier Crespo González (GMS)
- Rafael Pablo Rodríguez Amenedo (PP)
- Hortensia Vicente Santiago (PP)
- Antonio Fontenla Martínez (PP)



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Hortensia García Díaz (BNG)
- Beatriz Estévez Álvarez (Converxencia Galega)

SUPLENTES:

- Paulino Rodríguez González (GMS)
- Miguel Ángel Español Otero (GMS)
- Carmen M^a Castro González (GMS)
- M^a Montserrat Magallanes Álvarez (GMS)
- Fátima Iglesias Ferreira (PP)
- Rosa M^a Pazos Lomba (PP)
- Xan Lois Lomba Alonso (BNG)

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PLENARIOS.

- Presidente: o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

TITULARES:

- Manuel Javier Crespo González (GMS)
- Antonio Lomba Baz (GMS)
- Carmen M^a Castro González (GMS)
- Antonio Fontenla Martínez (PP)
- Hortensia Vicente Santiago (PP)
- Rosa M^a Pazos Lomba (PP)
- Xan Lois Lomba Alonso (BNG)
- Beatriz Estévez Álvarez (Converxencia Galega)

SUPLENTES:

- Paulino Rodríguez González (GMS)
- M^a Montserrat Magallanes Álvarez (GMS)
- M^a Teresa Vicente Baz (GMS)
- Miguel Ángel Español Otero (GMS)
- Fátima Iglesias Ferreira (PP)
- Rafael Pablo Rodríguez Amenedo (PP)
- Hortensia García Díaz (BNG)

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO.

- Presidente: o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

TITULARES:

- Antonio Lomba Baz (GMS)
- M^a Teresa Vicente Baz (GMS)
- Carmen M^a Castro González (GMS)
- Fátima Iglesias Ferreira (PP)



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- José Vicente Ferreira (PP)
- Rafael Pablo Rodríguez Amenedo (PP)
- Xan Lois Lomba Alonso (BNG)
- Beatriz Estévez Álvarez (Converxencia Galega)

SUPLENTES:

- Paulino Rodríguez González (GMS)
- Miguel Ángel Español Otero (GMS)
- M^a Montserrat Magallanes Álvarez (GMS)
- Manuel Javier Crespo González (GMS)
- Rosa M^a Pazos Lomba (PP)
- Antonio Fontenla Martínez (PP)
- Hortensia García Díaz (BNG)

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 5.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2012.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Visto o escrito da Consellería de Traballo e Benestar de data 19 de xullo de 2011 (RE 4541) solicitando a remisión do acordo plenario de designación de festivos locais para o ano 2012 no Concello da Guarda, e existindo un acordo anterior neste Concello, polo que serán declarados festivos locais o 16 de xullo (Virxe do Carme) e o 23 de setembro (Santa Trega), sempre que non coincidan en sábado ou domingo, tendo en conta que o día 23 de setembro de 2012 será domingo.

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Declarar festivos locais no Concello de A Guarda durante o ano 2012 os días seguintes:

- 21 de febreiro de 2012 (Martes de Carnaval).
- 16 de xullo de 2012 (Virxe do Carme).

2.- Remitir o presente acordo á Consellería correspondente.

*A Guarda, 20 de xullo de 2011
O Alcalde,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Estévez Álvarez di que non ten nada que obxectar á proposta.

O señor Lomba Alonso di que isto é un acordo de hai tempo, e sendo o 23 de setembro domingo, a proposta é lóxica e votarán a favor.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira di que apoiarán a proposta.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

PUNTO 6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA ADHESIÓN Á FEMP.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Considerando de gran interese para o Concello da Guarda a adhesión do memso á Federación Española de Municipios e Provincias, sendo necesaria a adopción de acordo polo Pleno da Corporación.

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- APROBAR a adhesión desta Corporación á Federación Española de Municipios e Provincias, con observancia dos seus Estatutos e Regulamentos, así como das súas Resolucións e Acordos e, como consecuencia de elo, comprometerse a facer efectivas na forma e prazos determinados nos seus Estatutos, as cuotas que reglamentariamente sexan estipuladas polos Organos Reitores dla Federación.

2.- Remitir o presente acordo á FEMP.

*A Guarda, 21 de xullo de 2011
O Alcalde,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Estévez Álvarez di que están de acordo coa cooperación e asociación dos municipios, polo que votarán a favor.

O señor Lomba Alonso di que van a votar en contra, porque neste momento existe a FEGAMP, que está integrada na FEMP, e a adhesión non é gratuita, ten un gasto anual que é prescindible, e dado que o Concello da Guarda está na FEGAMP, non consideran necesario estar na FEMP. Votarán en contra.

A señora Iglesias Ferreira di que se van abster.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (nove votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Lomba Alonso e García Díaz (dous votos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira,Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez e Pazos Lomba (catro abstencións)

PUNTO 7.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE RETRIBUCIÓNS POR DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións e indemnizacións ós membros deste Corporación, con base no preceptuado no Art. 75 da LBRL e 13 do ROF, estudadas as características peculiares deste Concello, formulase a seguinte proposta :

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte relación de membros da Corporación que desempeñaran o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva e parcial e coa contía que se indica:

a.- Réxime de dedicación exclusiva:

- O Alcalde-Presidente, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 3197,24 Euros

- O primeiro Tenente de Alcalde, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 2345,22 euros.

Estas retribucións faceranse efectivas no seu caso, a partires da data de aprobación desta proposta polo Pleno da Corporación.

As citadas retribucións experimentarán cada ano o incremento que dispoña a lexislación do Estado e a Corporación de A Guarda recoñeza con carácter xeral os funcionarios e persoal laboral ó servizo da Administración Local de A Guarda.

De conformidade coa lexislación vixente, os cargos que se exerzan con dedicación exclusiva serán incompatibles con calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

Os cargos con dedicación exclusiva serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello as cotas que se impoñen as Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo (cota empresarial).

b.- Réxime de dedicación parcial:

- O Segundo teniente de Alcalde, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 1300,59 euros.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- *Concelleiro delegado de servizos, seguridade e tráfico, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 1300,59*

SEGUNDO.- Estas retribucións faceranse efectivas no seu caso, a partires da data de aprobación desta proposta polo Pleno da Corporación.

As citadas retribucións experimentaran cada ano o incremento que dispoña a lexislación do Estado e a Corporación de A Guarda recoñeza con carácter xeral os funcionarios e persoal laboral ó servicio da Administración Local de A Guarda.

Os cargos con dedicación parcial serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello as cotas que se impoñen as Empresas en relación cos traballadores ó seu servicio (cota empresarial). O réxime de dedicación mínima necesaria na dedicación parcial será de vintetrés horas semanais

*En A Guarda, a 21 de xullo 2011
O ALCALDE,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

O señor Alcalde explica que se trata dunha proposta semellante á que se tratou no Pleno anterior, cun mínimo que consideran esixible para a gobernabilidade do pobo, polo que apelan á responsabilidade dos grupos. Di que en comparación con outros Concellos, por menos cantidade non se ofrece un bo goberno.

Intervén a señora Estévez Álvarez e di que reiteran o que dixeron no Pleno anterior, que os soldos deberían estar determinados por Lei. Quere deixar claro que, facendo un estudo cos Concellos colindantes, e o soldo que queda na nómina, a cantidade se atopa nos 85.000 euros líquidos que eles dixeron na sesión anterior.

O señor Lomba Alonso di que cada formación política é libre, pero é entendeu que cando se falara de cantidades no Pleno anterior se falaba de cantidades brutas, polo que lle gustaría saber canto é en bruto a proposta de Convergencia Galega, para facilitarlle ó pobo a comprensión do que cada grupo propón.

A señora Iglesias Ferreira pide tamén que se aclare este punto, pois non saben qué proposta hai sobre a mesa.

O señor Español Otero di que hai posturas censurables, que tratan de “*marear a perdiz*” e quedarse coa parroquia; hai unha proposta sobre a mesa, que é a do equipo de goberno.

O señor Alcalde di que a proposta é de 114.000 euros brutos anuais.

O señor Lomba Alonso di que o BNG non se da por aludido co de “*quedarse coa parroquia*”, cre que o señor Español Otero se equivoca. Quere ter claro o que cada grupo propón, o BNG non vai aceptar esta proposta, pois ó final é a mesma que a anterior. O feito de engadir cinco horas e media semanais é contradictorio, cando estiveron dicindo na prensa o moito que traballan. Quere clarificar a postura de cada forza política, porque cando



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Converxencia Galega falou de 85.000 euros pensaron que a cantidade era bruta, quere saber se avalan a propsota da Alcaldía ou non.

A señora Estévez Álvarez di que a prensa publica ou da a noticia que quere, cando falou coa prensa ela dixo que non tiñan postura e que farían as contas. Como non está fixado por Lei, eles tomaron como referencia a lei de funcionarios, dando os seguintes resultados: o Alcalde 30.800 euros líquidos, e o Primeiro Tenente de Alcalde 24.500 euros líquidos; lle parecía moito a cantidade de dedicación parcial coa xornada que se plantexaba, pero sumando todas as contías lles saen as contas. Insiste en que isto debера vir regulado por lei, pois seguen discutindo sobre o tema un mes despois.

O señor Español Otero diríxese á señora Iglesias Ferreira, porque pensa que está “descolocada”, e lle pregunta se o PP o ten claro, contestando a señora Iglesias Ferreira que o que ten claro é que o equipo de goberno conseguiu o seu obxectivo, usou diferentes artes e buscou aliados onde dixo que nunca o ía facer.

O señor Español Otero di que o equipo de goberno ten a obriga de gobernar o mellor posible, e dixeron dende o inicio da lexislatura que falarían con todos os grupo políticos, segue preguntando se o PP o ten claro, porque cre que non.

A señora Iglesias Ferreira di que ela estivo nesa reunión, e o señor Español Otero non, e o que se dixo foi outra cousa, as palabras as leva o vento.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que eles saben ler as actas, pero reompoñer o xoguete é difícil, o fácil é matar ó mesaxeiro. Non vai entrar nas conversas que tiveron, o equipo de goberno ten a lexitimidade de falra con todos, pero recorda que no nao 2003 se falaba de “dardos envelenados” e “puñais traizoeiros”. Di que os soldos non están estipulados por lei e non lles queda máis remedio que debatilos, pensa que políticos son todos, incluso os que votan, e di que quen esquenza a súa propia historia está condeado a repetirla. Votarán en contra.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Lomba Alonso, e García Díaz (seis votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sra. Estévez Álvarez (unha abstención)

PUNTO 8.- MOCIÓNS.

R.E. 4.345 de Converxencia Galega sobre elaboración de Ordenanza de instalación de vallas publicitarias.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, titular do D.N.I. nº 76.906.152-V, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, nº 8-Baixo,

EXPÓN:

Que trala queixa plantexada por varios veciños sobre as “pantallas visuais” que en distintos lugares da nosa localidade se están colocando por distintas empresas publicitarias, e dado que polas despostas recibidas por técnicos municipais, sobre a inexistencia de unha Ordenanza Reguladora sobre instalación de vallas publicitarias no noso Concello,

Por todo elo, ven a presentar para o séu debate e aprobación, si procede, da seguinte MOCION:

O Concello de A Guarda, procederá da maneira máis urxente posible a elaboración e tramitación dunha Ordenanza Reguladora sobre a instalación de vallas publicitarias na nosa localidade.

A Guarda, a 10 de xullo do 2.011”

O señor Lomba Alonso di que apoiarán a moción, se teñen dado circunstancias en que non queda claro o propietario ou se existe licencia, polo que lle parece unha medida acertada.

A señora Iglesias Ferreira di que resulta necesario, e propón incluír o control de instalacións de publicidade de empresas no mobiliario urbán.

O señor Alcalde di que cre que a Ordenanza de lixo xa recolle isto, se lle pode dar unha lectura e facelo o máis ampla posible, non se fixo nunca, e se pode regular os tipos de solo, ou a clase de licencias necesarias, porque existe un vacío legal e se estudirá para facela o máis ampla posible.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

R.E. 4.651 do BNG, sobre o un plan de tráfico para A Guarda.

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN SOBRE UN PLAN DE TRÁFICO PARA A GUARDA.

1.- Exposición de motivos:

A Guarda é un concello cunha importante actividade comercial e de ocio dentro da comarca, así como un referente turístico de primeira magnitude. Esta condición fai que se evidencien a diario problemas de tráfico que chegan a colapsar, en momentos puntuais,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

algunhas rúas da nosa vila. Estes problemas son máis patentes coa chegada da época estival, o que fai necesario, máis ca nunca, unha planificación do tráfico no noso concello.

Para levar adiante este proxecto, o BNG entende que se fai necesario a realización dun plan de tráfico que recolla aspectos fundamentais como:

- *Análise do tráfico actual, que contemple unha solución ás saídas e entradas no concello, así como a saída do porto que faga posíbel unha comunicación máis áxil e eficaz dentro do concello.*
- *Debe definir a localización de futuras áreas de aparcamento, aparcamento regulado por zona azul, así como substituír aparcamentos que dificultan un tráfico máis fluído, posíbeis peonalizacións, etc.*
- *Este plan debe integrar as necesidades do concello, e no seu proceso de elaboración débese escoitar as opinións da sociedade guardesa, a través das súas organizacións sociais e políticas, así como a de expertos na materia para que sexa un documento realmente efectivo e de futuro.*

2.- Polo anteriormente dito o BNG vén a pedir para que adoite o seguinte

ACORDO

A realización dun Plan de Tráfico para o Concello da Guarda antes de finalizar o ano.

A Guarda, 26 de xullo de 2011.

*Asdo. Xan Lois Lomba Alonso.
Portavoz municipal do BNG na Guarda”.*

A señora García Díaz di que a moción é clara e sinxela, o tráfico na Guarda é un problema real e serio, sobre todo no verán, e o BNG o ven demandando dende hai tempo.

A señora Estévez Álvarez di que o problema do tráfico se produce todo o ano, e en época estival se agrava, se ben considera que é difícil elaborar o plan antes de fin de ano, porque non está fixado no orzamento.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que se trata dunha cuestión importante, haberá que buscar financiación, pero cre que hai pouco tempo ata final de ano.

A señora García Díaz di que resulta necesario poñer prazos, o BNG xa presentou unha moción neste sentido no ano 2008, e di que se pode discutir sobre o prazo, pero hai que poñelo, porque en caso contrario non se fai nada.

Sometida a votación a moción, acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Lomba Alonso, e García Díaz (seis votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).

A moción non prospera.

R.E. 4.652 do BNG, sobre saneamento do porto da Guarda.

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN SOBRE O SANEAMENTO DO PORTO DA GUARDA

1.- Exposición de motivos:

Os acontecementos que se sucederon nas últimas semanas na praia do Carreiro, concretamente na antiga depuradora, con vertidos de augas fecais en grandes cantidades son un episodio máis dunha situación que se leva repetindo periodicamente na zona do porto da Guarda.

A estes vertidos hai que engadir os que se xeran dentro do porto, especialmente na zona do Reguiño. Cada certo tempo pódense ver manchas na auga de vertidos que proveñen de diferentes colectores. Estes vertidos afectan directamente a calidade da auga, co perigo que iso conleva, tanto ambiental como hixiénico.

Polo tanto existe unha necesidade urxente de atallar este problema de contaminación ambiental. Deberase acometer as reformas necesarias para atallar dun xeito definitivo calquera tipo de vertido de augas fecais que afecten a calidade das augas da zona do porto, evitando unha imaxe que non beneficia para nada a nosa imaxe turística e de calidade que queremos transmitir cara ao exterior.

2.- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite as seguintes medidas:

A realización dun proxecto de saneamento para o porto da Guarda e a praia do Carreiro que remate cos vertidos de augas que están a contaminar a zona.

Que se busque dotación orzamentaria coa implicación doutras instancias, como a Xunta de Galiza, para a realización do proxecto de saneamento do Porto da Guarda.

A Guarda, 26 de xullo de 2011.

*Asdo. Xan Lois Lomba Alonso.
Portavoz municipal do BNG na Guarda”.*

O señor Lomba Alonso explica que o que está sucedendo no Porto require unha solución, non se poden consentir os verquidos periódicos. O Concello ten difícil facer un proxecto deste calibre, polo que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

haberá que buscar financiación noutras entidades. Di que se trata dunha moción clara e pide o apoio dos grupos.

A señora Estévez Álvarez di que hai que solucionar este tema, e como pertence a Portos de Galicia, non ten que facelo o Concello, senón que deben instar a Portos de Galicia para que realice eses proxectos e solucione o problema, dado que son eles os que cobran as instalacións.

A señora Iglesias Ferreira di que a moción lle parece correcta, pero existen outros lugares, como Santa Catalina, a depuradora, ou Fedorento onde tamén hai verquidos. Debería facerse un estudo integral para dar solución a todos os verquidos, eles teñen fotos e o equipo de goberno é consciente de elo.

Intervén o señor Español Otero e di que se alegra de que o señor Lomba Alonso estea tan documentado, e pregunta dende cando, pois a ningún funcionario nin responsable político se lle preguntou polo BNG se tiñan coñecemento do tema e se fixeron xestións par atallar un problema que existe dende hai anos. Se houbera preguntado, a moción igual non se houbera presentado. Explica que isto está feito dende hai sete meses, se encargou un proxecto á empresa de apoio técnico da Xunta, se estudiou o problema a instancias do Alcalde. A solución ten unha serie de actuacións, e unha delas comezará o vindeiro luns, e se aliviará en boa medida a situación. Di que onte e hoxe non verteu, e hoxe estivo aquí o control de verquidos, el mesmo o atendeu. Pensa que unha boa contribución é primeiro informarse e logo botar unha man, alguén poderá facelo pronto no Parlamento de Galicia. Di que se van facer actuacións custosas, é unha obra que fixo o Partido Popular, e hai máis sitios con verquidos, a obra ten as súas deficiencias, a sección non da cando conflúen O Rosal e A Guarda, os aliviadeiros están consentidos por Augas de Galicia, pois a obra a executaron eles. Son verquidos que en certas zonas poden alamar, pero son puntuais, sobre todo de auga. Se van seguir producindo puntualmente, o do Carreiro leva anos, o temporal o puxo de manifesto. Se está culminando a redacción dun proxecto global, porque dentro duns anos se podería colapsara o colector. Di que se aproban esta moción e a remiten, na Xunta pensarán que son tontos, pois é extemporánea, e aclara que neste momento non hai verquidos no Carreiro.

O señor Lomba Alonso di que polo menos a moción serviu para ter información sobre o proxecto, posto que ten presentados escrito nos últimos catro anos sobre o tema e non obtivo información. Solicita acceso a ese proxecto, e sendo así, retiran a moción e se dan por satisfeitos. Pide que ese alarde de dar información ós grupos da oposición se alonge toda a lexislatura. Se este proxecto está definido e encamiñado, retiran a moción, e solicitarán por escrito o acceso ó proxecto.

O señor Español Otero di que eles encargaron á Xunta ese proxecto, e será Augas de Galicia a que redacte e execute o proxecto. O Concello fixo as xestións para que se solventase, e Augas de Galicia xa adjudicou unha limpeza de choque que se inicia o luns.

O señor Lomba Alonso di que se dan por satisfeitos, teñen a información e retiran a moción.

PUNTO 9.- ROGOS E PREGUNTAS.

O señor Lomba Alonso fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- En relación coa niños de gaivotas, se falou de facer un proxecto, e pregunta en qué situación está.

(Sae a señora Iglesias Ferreira, 20:48 horas).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Crespo González di que hai tres anos Anabam fixo un estudo e presentou o resultado , pero do resultado actual aínda non ten noticias.

2.- Pregunta polo Centro de Saúde e o proceso para que a Consellería de Sanidade se faga cargo dos gastos.

A señora Magallanes Álvarez di que seguen traballando, pero os terreos son froito de moitas adquisicións de parcelas a distintos propietarios, e custou moito recopilar a documentación, se fixo unha rectificación do Inventario, que se traerá a Pleno e se tramitará a cesión.

3.- Os veciños da contorna da Alamdea e rúa Castaños piden unha limpeza máis profunda nesa zona e na entrada do Casino, pois quedan restos de brozas diante das portas.

O señor Alcalde di que se lle trasladará ó grupo que fai a limpeza os domingos.

(Regresa a señora Iglesias Ferreira, 20:50 horas).

O señor Fontenla Martínez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta pola localización do mercadillo, se vai cambiar ou se vai manter onde está.

O señor Español Otero di que manteñen a mesma postura, a intención é mantelo onde está.

2.- Pregunta pola situación do auga, se dependen de Tui, e se están cumprindo coa lexislación.

O señor Rodríguez González responde que sí, cada pouco tempo hai inspeccións da Consellería de Sanidade, se leva o Protocolo minuciosamente. Di que do auga de Tui se está gastando o mínimo, pois afortunadamente se está usando da nosa.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e oito minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre